

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 15 DE XULLO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Fomento da mobilidade sustentable. Senda na PO-223. Treito: O Couso- O Sobral. Puntos quilométricos (P.Q.) 3+600- 5+760, de clave PO/16/262.06, no concello de Pontevedra.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se aproba a posta en marcha do III Plan de Reestruturación do Parque Móbil da Xunta de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza o gasto plurianual e a concesión de anticipos de ata o 100 % do importe das subvencións que se concedan ao abeiro da Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos para a adquisición de vehículos alternativos, mediante o sistema de *renting*, con destino aos corpos de policía local, financiadas polo Fondo de Compensación Ambiental, por un importe dun millón setenta e cinco mil douscentos euros (1.075.200,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do acordo de prórroga do convenio entre a Cooperación descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, por importe total de cincuenta mil euros 50.000,00 €.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) á contratación da concesión do servizo de "Operación e mantemento da planta de coxeneración, planta termoeléctrica e comúns do Complexo ambiental de Cerceda" (2020G-DTE-0109-SARA-CONS), cun valor estimado de douscentos once millóns seiscientos corenta e un mil catrocentos noventa e sete euros con noventa e catro céntimos (211.641.497,94 €) e un importe de licitación de douscentos cincuenta e seis millóns oitenta e seis mil douscentos doce euros con cincuenta céntimos (256.086.212,50 €).
- Acordo polo que se declara de interese autonómico o "proxecto de ampliación do Complexo medioambiental de Cerceda, situado no lugar de Morzós-As Encrobas (A Coruña)", para os efectos previstos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de Ordenación do Territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Consellería de Sanidade, a través do Laboratorio de Saúde Pública, para o control da calidade das augas subterráneas dentro do ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, por importe de catrocentos corenta e nove mil cincocentos sesenta e oito euros con vinte e catro céntimos (449.568,24 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Valga para reducir o risco de inundación na ARPSI dos ríos Ulla e Sar, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por importe dun millón douscentos cincuenta mil euros (1.250.000,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a exención ao beneficiario da obriga de constituír garantía nos pagamentos anticipados e pagamentos á conta do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Orquestra Vigo 430 para a realización dun proxecto composto por varias actividades dentro do Xacobeo 2021-2022, por un importe total de cen mil euros (100.000,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento do subprograma Juan de la Cierva, (convocatoria Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidade de 2019), por importe de douscentos sesenta e tres mil seiscientos vinte e cinco euros (263.625,00 €).
- Acordo polo que autoriza a sinatura do convenio colaboración entre a Biblioteca Nacional de España (BNE), a Sociedad Mercantil Estatal de Acción Cultural (AC/E) e a Xunta de Galicia para a organización conxunta da exposición relativa ao ano Xacobeo "As pegadas do Camiño", por un importe total de douscentos trinta e cinco mil euros (235.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Galega de Orquestras (AGO) e a Asociación de Empresarios da Música da Verbena (ASEVEGA) para o desenvolvemento de verbenas, festas populares ou eventos con actuacións de orquestras no ano 2021 por importe de catrocentos mil euros (400.000,00 €); polo que se autorizan pagamentos anticipados ata o 90 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña 2021 por importe de catrocentos sesenta e nove mil seiscientos catro euros con corenta e un céntimos (469.604,41 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre a actividade de fomento da Axencia de Turismo de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe sobre o Plan de actuacións nas catedrais de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe do estado actual da contratación de recursos humanos para desenvolver as liñas estratéxicas priorizadas para os anos 2020 e 2021 no Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19 2020-2024.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe sobre a concesión de axudas para a creación de superficies forestais.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a publicación da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria, para o ano 2021, para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ás organizacións de produtores pesqueiros do sector dos produtos da pesca e da acuicultura no ámbito exclusivo da Comunidade Autónoma de Galicia, para a preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización correspondentes a 2020, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP).
- Informe sobre as axudas da Convocatoria de Cooperación 2021 a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP), para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020, ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DE XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR UNHA NOVA SENDA NA ESTRADA PO-223 ENTRE OS NÚCLEOS DO COUSO E SOBRAL, NO CONCELLO DE PONTEVEDRA

- Esta intervención suporá un investimento autonómico próximo aos 1,2 M€ co obxectivo de favorecer a mobilidade sustentable e segura de veciños e escolares de Xeve
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento das actas previas e á licitación das obras no segundo semestre deste ano
- Construirase un itinerario de 2 km de lonxitude, que configurará un percorrido continuo entre ambos os núcleos, atravesando o polígono industrial e o CEIP de Xeve
- A actuación enmárcase no Plan de sendas da comarca do Pontevedra, que recolle a execución de 9 itinerarios seguros, sustentables e integrados na paisaxe, cun investimento superior aos 5,3 M€
- O proxecto coordínase e complementase coa actuación de mellora da seguridade viaria na intersección das estradas PO-223 e PO-224, na contorna do CEIP de Xeve

O Consello da Xunta autorizou hoxe as expropiacións para executar unha nova senda na estrada autonómica PO-223, entre os núcleos do Couso e Sobral, no concello de Pontevedra.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación rolda os 1,2 millóns de euros, nos cales se inclúe o pagamento dos 31 predios necesarios para a súa execución.

Esta intervención ten como obxectivo favorecer unha mobilidade sustentable e unha contorna máis segura para os veciños e os escolares da parroquia pontevedresa de Xeve, coa construción dunha senda na vía de titularidade da Xunta, que permita a circulación de peóns e de ciclista non deportivos.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento das actas previas e á licitación das obras no segundo semestre do ano. Os traballos contan cun prazo de execución de dezaioito meses.

O novo itinerario, de 2 quilómetros de lonxitude, configurará un percorrido continuo no treito comprendido entre os puntos quilométricos 3+600 e 5+760, unindo así os citados núcleos, e atravesando o polígono industrial e o CEIP Santo André de Xeve. A senda terá un ancho mínimo de 1,80 metros e contará con bordo delimitador, resultando un ancho transitable de máis de 2 metros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A actuación completárase con modificacións puntuais do trazado da estrada, entre os puntos quilométricos 3+650 e 4+600, para xerar espazo na súa marxe dereita e poder encaixar a senda.

Tamén se intervirá na mellora das principais interseccións, coa implantación de semiglorietas e cuñas de aceleración e deceleración.

Ademais, melloraránse as paradas de autobús dos puntos quilométricos 3+850 e 5+300 e, atendendo á solicitude do colectivo ciclista Pedaladas, incorporárase un pequeno treito de senda na glorieta da intersección coa vía a Monte Porreiro.

A actuación enmárcase no Plan de sendas da comarca do Pontevedra, no marco do que se están a desenvolver 9 itinerarios seguros, sustentables e integrados na paisaxe, cun investimento superior aos 5,3 M€.

O departamento de Infraestruturas da Xunta prevé desenvolver esta actuación de xeito coordinado co proxecto de mellora da seguridade da estrada PO-224, en Xeve, precisamente na contorna da intersección onde se cruzan estas dúas estradas de titularidade da Xunta e onde se sitúa o CEIP.

O Goberno galego segue dando cumprimento ao seu compromiso de habilitar, nas estradas da súa titularidade, itinerarios peonís seguros, sustentables e integrados na paisaxe.

Plano de situación da senda peonil e ciclista na PO-223:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS




COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Planta xeral da nova senda



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A METADE DO SEU PARQUE MÓBIL CON VEHÍCULOS DE ETIQUETA AMBIENTAL CERO OU ECO

- O Goberno galego aproba o III Plan de reestruturación do parque móbil da Xunta coa substitución dos vehículos con máis de 10 anos e/ou máis de 500.000 quilómetros
- Proponse adquirir coches non contaminantes, híbridos, híbridos conectables ou eléctricos de etiqueta eco ou cero emisións
- Con esta medida os novos vehículos do Parque Móbil reducirán nun 32 % as emisións de CO2 con respecto aos vehículos que van ser substituídos

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao III Plan de reestruturación do parque móbil, que prevé a substitución dos vehículos con máis de dez anos e/ou máis de 500.000 quilómetros. O plan afecta a metade do parque móbil da Xunta, e con el reducirase un 32,2 % a emisión de gases contaminantes.

A frota que se substitúe emite unha media de 1.135.200 kg/ano de CO2, e coa renovación estímase que as emisións serán de 769.270 kg/ano, o que suporá unha redución dun 32,2 %.

Con esta finalidade, a Xunta dotarase de vehículos con menor consumo de combustíbles fósiles e con menor gasto de mantemento, con baixas emisións de gases e partículas contaminantes ou de emisións cero. Optarase preferentemente por vehículos de etiqueta eco ou cero, de carácter híbrido, híbrido conectable ou eléctrico, sempre que sexa compatible co uso ao que estea destinado.

O plan, cun investimento de 5.976.660 euros, para a adquisición de 191 vehículos baixo a modalidade de *leasing* financeiro, pretende cubrir as necesidades de mobilidade que demandan os servizos das Administración autonómica, incrementar a seguridade dos desprazamentos do persoal, reducir os gastos correntes en combustible e reparacións e reducir as emisións ao ambiente de gases e partículas contaminantes.

A maioría dos novos vehículos serán para desprazamentos do persoal da Xunta no cumprimento das súas funcións, e tamén para labores de repartición de correspondencia e portes.

Coa posta en marcha do III Plan de reestruturación do parque móbil da Xunta dáse continuidade a un proxecto posto en marcha no ano 2009 para racionalizar, reestruturar e optimizar os recursos do parque móbil da Administración autonómica, así como

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

reducir os seus gastos de funcionamento e mellorar as prestación dos servizos aos usuarios e das condicións de traballo dos condutores. Con ese obxectivo púxose en marcha o I Plan de reestruturación do parque móbil da Xunta, que continuou no 2011 coa aprobación do II Plan.

Desta maneira, adecuouse a frota ás necesidades reais, o que supuxo inventariar a totalidade dos vehículos e a súa renovación parcial, así como reorganizar os servizos coa asignación dos condutores con base en criterios de proximidade e rotación. Na segunda fase do plan, ademais, elimináronse as asignacións permanentes de vehículos e condutores a altos cargos e instaurouse o servizo de vehículo compartido, ademais de implantar unha plataforma informática para a xestión do sistema.

Con estas actuacións, acadouse desde o ano 2009 ata finais de 2020 un aforro superior a 20 millóns de euros en comparación coas gastos anuais que xerou o parque móbil da Xunta no ano 2008.

A Xunta ten previsto realizar no ano 2021 un estudo e posterior proceso negociador para racionalizar a estrutura e establecer un único réxime xurídico para todo o persoal condutor do parque móbil, equiparando os grupos existentes na actualidade coa finalidade de dar unha adecuada resposta ás necesidades reais que demanda a correcta prestación dos servizos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 1 MILLÓN DE EUROS AOS CONCELLOS GALEGOS PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS HÍBRIDOS OU ELÉCTRICOS PARA AS POLICÍAS LOCAIS

- As axudas están destinadas para o financiamento de vehículos eléctricos ou vehículos híbridos con distintivo ambiental Cero emisións ou Eco, ao abeiro das axudas do Fondo de Compensación Ambiental
- Os vehículos deberán ser turismo ou SUV, adscritos ao servizo do corpo de policía local e incluírán os elementos de configuración externa e o deseño para a marcación e rotulación dos vehículos á disposición das policía locais consonte a normativa vixente
- As axudas van destinadas ás cotas mensuais do *renting* do vehículo durante un período máximo de 48 meses. Financiarase ata un máximo do 75 % do custo total das cotas do *renting*, cun límite de 33.600 euros de subvención por concello

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á convocatoria de axudas de carácter plurianual e en réxime de concorrència competitiva, dirixidas a concellos de Galicia para o financiamento de vehículos eléctricos ou vehículos híbridos que teñan distintivo ambiental Cero emisións ou Eco, mediante o sistema de *renting*, para os corpos de policía local, ao abeiro das axudas do Fondo de Compensación Ambiental. As axudas plurianuais contan cun orzamento de 1.075.200 euros.

As axudas van destinadas ás cotas mensuais que deba aboar o concello beneficiario polo *renting* do vehículo durante un período máximo de 48 meses. Financiará ata un máximo do 75 % do custo total das cotas do *renting*, cun límite de 33.600 euros de subvención por concello.

Os vehículos deberán ser turismo ou SUV adscritos ao servizo do corpo de policía local. Estarán especialmente equipados e transformados para o cumprimento das súas funcións, e incluírán os elementos de configuración externa e o deseño para a marcación e rotulación dos vehículos á disposición das policía locais e vixilantes municipais

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

recollidos na Orde do 29 de decembro de 2010 da Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza.

Poderán ser beneficiarios das axudas os concellos que teñan subscrito ou vaian a subscribir un contrato de *renting* con data igual ou posterior ao 1/01/2021 con menos de 50.000 habitantes e coa conta xeral do concello do ano 2019 remitida ao Consello de Contas.

A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN CON AECID PARA A ACTUACIÓN CONXUNTA E COORDINADA EN MATERIA DE ACCIÓN HUMANITARIA

- O IV Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento establece como resultado de xestión a participación activa nos espazos e iniciativas de cooperación da Cooperación Española, que inclúe o fondo humanitario común coordinado pola Axencia Española de Cooperación Internacional
- Esta prórroga dá continuidade á colaboración establecida en 2018 entre a AECID e a cooperación descentralizada, e prorrogada tamén no 2019 e 2020, para a execución de actuacións e proxectos en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humana

O Consello da Xunta aprobou hoxe a prórroga do convenio coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) para a actuación conxunta e coordinada en materia de accións humanitaria, cun orzamento de 50.000 euros

Esta prórroga dá continuidade á colaboración establecida no 2018 entre a AECID e a cooperación descentralizada, e prorrogada tamén no 2019 e 2020, para a execución de actuacións e proxectos en materia de acción humanitaria e de emerxencias en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humana, regulando a colaboración das partes en materia de acción humanitaria.

No ano 2015 foi asinado por parte de Galicia, La Rioja, Castilla La Mancha, Illes Balears, Extremadura e Madrid o primeiro convenio para a programación conxunta da Acción Humanitaria, ao cal se lle deu continuidade en 2018 cun novo convenio para a coordinación da acción humanitaria asinado, por Galicia, Asturias, Cantabria, A Rioxa, Murcia, Comunidade Valenciana, Aragón, Canarias, Baleares, Comunidade de Madrid, Castela León e a FEMP, ao que se adheriu posteriormente a Comunidade Autónoma de Extremadura. Este convenio é o que se pretende prorrogar co presente acordo, igual

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que sucedera en 2019 e 2020, e a este poderían adherirse novas comunidades autónomas.

No convenio estipulouse que AECID deberá achegar 1 millón de euros e cada comunidade 50.000 euros para a posta en marcha de intervencións humanitarias fundamentadas nos principios humanitarios de independencia, humanidade, neutralidade e imparcialidade.

O IV Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento establece como resultado de xestión a participación activa nos espazos e iniciativas de cooperación da Cooperación Española, que inclúe o fondo humanitario común coordinado pola Axencia Española de Cooperación Internacional (AECID) obxecto deste acordo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AUTORIZADA POR MÁIS DE 256 M€ A LICITACIÓN PARA A XESTIÓN DAS PLANTAS DE VALORIZACIÓN NO COMPLEXO DE SOGAMA

- Unha é a planta de coxeración, que proporciona calor para o secado da parte húmida contida na fracción non reciclable, e outra a termoeléctrica, que xera a electricidade equivalente ao consumo dun 12 % dos fogares galegos
- O Consello tamén aprobou declarar proxecto de interese o Complexo de Cerceda, grazas ao que Sogama poderá incrementar a súa eficiencia e propiciar así que Galicia peche o ciclo da xestión integral dos residuos urbanos

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do servizo de xestión integral das plantas de coxeración e de termoeléctrica, ademais de instalacións comúns, do Complexo medioambiental de Sogama en Cerceda, por un importe de algo máis de 256 millóns de euros.

O obxectivo é seguir garantindo a valorización enerxética da parte non reciclable contida no lixo en masa e recollida a través do contedor verde convencional (bolsa negra), logo do seu acondicionamento en forma de combustible CDR (combustible derivado de residuos), labor no que intervéñ a planta de coxeración a través da produción da calor necesaria para o secado desta fracción. Posteriormente, o CDR alimenta as caldeiras da planta termoeléctrica, onde se xera a electricidade equivalente ao consumo do 12 % dos fogares galegos.

Así, o contrato autorizado polo Consello terá unha vixencia para os vindeiros dez anos, cunha prórroga excepcional de 9 meses. A razón que xustifica este acordo de longa duración é que propicia unha explotación responsable e sustentable no tempo das distintas infraestruturas, coa particularidade de que a operación de ambas as instalacións é de elevada complexidade técnica.

O concurso recolle as seguintes tarefas: valorización enerxética dos descartes procedentes da planta de recuperación dos materiais contidos no lixo en masa; operación e mantemento dos motores da planta de coxeración e dos vasos dos depósitos inertes e cinza; depuración das augas residuais e lixiviados orixinados nas distintas instalacións que conforman o complexo medioambiental; mantemento e limpeza de captación de auga, rede de auga, rede de pluviais e rede de contraincendios e lixiviados; ademais da xestión integral do almacén de repostos.

Máxima eficiencia e protección ambiental

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A xestión das plantas de coxeración e termoeléctrica realizarase baixo a consigna da maior eficiencia, o menor gasto de recursos externos e o máximo coidado ambiental.

En todo caso, o Complexo cercedense está dotado de importantes medidas de control e de protección ambiental, tanto a nivel de emisións como de depuración de augas, coas que se garante un rigoroso cumprimento da exigente normativa aplicable.

A actividade industrial desenvolvida nesta infraestrutura lévase a cabo coas tecnoloxías máis innovadoras do mercado, permitindo compatibilizar a súa actividade coa protección do ambiente e a saúde pública.

No caso de que estas plantas non operasen, os descartes non reciclables acabarían no vertedoiro, a última opción da xestión xerarquizada dos residuos que promulga a Unión Europea debido a seu negativo impacto sobre a contorna.

Así mesmo, a venda de enerxía permite á empresa sufragar unha parte dos custos da operación, propiciando que o canon aplicado aos concellos sexa o máis barato de Galicia e un dos máis baratos de España.

Proxecto de interese autonómico

Por outra banda, o Consello tamén autorizou declarar como proxecto de interese autonómico o Complexo medioambiental de Cerceda, dado o seu carácter supramunicipal, que no día de hoxe dá servizo a 294 concellos, un 94 % do total de Galicia ou, o que é o mesmo, a unha poboación de máis de 2.240.000 habitantes que na actualidade envían a Sogama os seus residuos urbanos.

Grazas a esta cualificación, Sogama poderá ampliar a súa actividade industrial a novos espazos, incrementando a súa eficiencia e completando o ciclo da recuperación e reciclaxe dos residuos urbanos conforme os parámetros da economía circular. Ademais, a posta en marcha de novas instalacións para completar o circuíto da xestión sustentable dos residuos tamén permitirá á entidade xerar riqueza e emprego.

Cómpre lembrar que na actualidade, aos terreos que ocupa Sogama aplícanse as Normas subsidiarias de planeamento do Concello de Cerceda, aprobadas no ano 1996, que consideran o ámbito como sistema xeral de infraestruturas. Estas normas implican unha serie de limitacións en canto a superficie edificable, volumes e alturas máximas, condicionando calquera tipo de actuación que se pretenda levar a cabo no Complexo para mellorar as súas prestacións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O ámbito de actuación proposto ten unha superficie de algo máis de 800.000 m² e está conformado por 18 parcelas, incluída a correspondente ás actuais edificacións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS CONSELLERÍAS DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE E DE SANIDADE COLABORAN NO CONTROL DA CALIDADE DAS AUGAS SUBTERRÁNEAS DA DEMARCACIÓN GALICIA-COSTA

- O acordo entre Augas de Galicia e o Laboratorio de Saúde Pública de Galicia terá unha vixencia de 2 anos e conta cun orzamento de preto de 450.000 euros
- Esta iniciativa ten como obxectivo o seguimento do estado químico das augas subterráneas para detectar posibles focos de contaminación dun xeito eficiente
- No marco deste acordo, a Xunta prevé efectuar unhas 1.600 analíticas ao longo de preto de 80 puntos establecidos nas augas subterráneas da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa
- Trátase de darlle continuidade a este convenio de colaboración, que se leva desenvolvendo desde o ano 2016, cun investimento que ascende a preto de 1,2 millóns de euros
- Augas de Galicia levará a analizar as mostras ao Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, que acometerá os traballos de análise de acordo cos métodos de medida de referencia recollidos na lexislación

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Consellería de Sanidade para o control da calidade das augas subterráneas na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Este acordo entre Augas de Galicia e o Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, organismos dependentes das consellerías de Infraestruturas e Mobilidade e de Sanidade, respectivamente, terá unha vixencia de dous anos.

O convenio prevé un orzamento estimado de preto de 450.000 euros para efectuar as citadas tarefas, que aboará Augas de Galicia.

Trátase de darlle continuidade a este convenio de colaboración, que se leva desenvolvendo desde o ano 2016, cunha achega que ascende a preto de 1,2 millóns de euros.

O obxectivo da cooperación é levar a cabo unha adecuada programación e desenvolvemento da análise dos parámetros de calidade das augas nos puntos de control de augas subterráneas da demarcación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No marco deste acordo, a Xunta prevé efectuar unhas 1.600 analíticas ao longo de preto de 80 puntos establecidos nas augas subterráneas da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

O Goberno galego, a través desta iniciativa, continúa traballando no seguimento exhaustivo do estado químico das augas subterráneas coa fin de poder detectar posibles focos de contaminación dun xeito eficiente.

Compromisos

No que se refire aos compromisos de cada organismo, o convenio recolle que Augas de Galicia deberá levar as mostras a analizar ao Laboratorio de Saúde Pública de Galicia e remitirlle periodicamente unha planificación das mostraxes que se vaian efectuar.

Pola súa banda, a Consellería de Sanidade, a través do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, realizará os traballos de análise de acordo cos métodos de medida de referencia recollidos na lexislación que sexa de aplicación e proporcionará os procedementos analíticos que se deben utilizar no desenvolvemento dos traballos.

O Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, que está acreditado desde o ano 1998 pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC), segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025 para a realización de ensaios de produtos agroalimentarios e augas, comprométese a entregar os resultados das analíticas nun prazo inferior a dous meses, que se contarán desde o momento en que Augas de Galicia faga a entrega das mostras.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O CONVENIO CO CONCELLO DE VALGA PARA EXECUTAR AS OBRAS NECESARIAS PARA MINIMIZAR O RISCO DE INUNDACIÓN NO MUNICIPIO CUN INVESTIMENTO DE 1,25 M€

- Mellorarase o espazo fluvial do río Louro entre a estrada autonómica PO-548 e a liña de ferrocarril; o espazo fluvial do río Valga entre a liña do ferrocarril e a rúa Devesa; ademais de actuacións de protección da marxe dereita do río Valga ao seu paso polo municipio
- Segundo o convenio autorizado hoxe, a Xunta comprométese a financiar integramente as actuacións e a contratar e executar as obras
- A Administración local deberá pór á disposición os terreos necesarios, tramitar as autorizacións para as obras e asumir posteriormente as actuacións realizadas
- As actuacións deseñadas por Augas de Galicia enmárcanse no Plan de xestión específico para área fluvial dos ríos Ulla e Sar, declarada de risco potencial significativo de inundacións
- A Xunta segue apostando pola colaboración entre as administracións e axentes implicados para estar mellor preparados fronte ao risco de inundacións e acadar unha máis rápida e mellor recuperación fronte ás súas posibles consecuencias

A Xunta colaborará co Concello de Valga para minimizar o risco de inundación nos ríos Louro e Valga, ao seu paso polo municipio pontevedrés de Valga, cun investimento autonómico de 1,25 millóns de euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, e o Concello de Valga para levar a cabo as obras necesarias para minimizar as posibles consecuencias do desbordamento destes ríos.

Trátase de intervencións estruturais para a mellora do espazo fluvial do río Louro entre a estrada autonómica PO-548 e a liña de ferrocarril, a mellora do espazo fluvial do río Valga entre a liña do ferrocarril e a rúa Devesa, e da protección da marxe dereita do río Valga ao seu paso polo municipio.

No cumprimento do obxecto do convenio autorizado hoxe polo Goberno galego, a entidade hidráulica da Xunta asume integramente o financiamento das actuacións destinadas a reducir os efectos negativos dos asolagamentos nesta área. As obras estarán cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014/2020.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Augas de Galicia levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, mediante este acordo, o Concello de Valga asume a posta á disposición e xestión dos terreos necesarios, tal e como establecen os convenios de colaboración destas características en todas as confederacións hidrográficas e de acordo á instrución do propio Ministerio para a Transición Ecolóxica. Tamén asume a obriga de conseguir as autorizacións necesarias para a execución dos traballos, de recibir as obras, así como o seu mantemento e conservación, empregando as instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

Os proxectos en redacción das actuacións

As actuacións obxecto do convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico buscan minimizar os asolagamentos nesta contorna e están recollidas no Plan de xestión específico realizado na área de risco potencial significativo de inundacións dos ríos Ulla e Sar. Para iso, Augas de Galicia preveu as distintas opcións para o desenvolvemento de intervencións que contribúan a minimizar o risco de inundación.

Para avanzar nestas intervencións, Augas de Galicia xa ten adxudicados os traballos de redacción do proxecto de mellora do espazo fluvial do río Louro. Este contrato permitirá definir as medidas para canalizar este río nunha lonxitude de preto de 600 metros desde augas arriba da estrutura baixo a estrada PO-548 ata a zona baixo a liña ferroviaria.

Tamén está adxudicada a redacción do proxecto para a protección da marxe dereita do río Valga, para minimizar o risco de asolagamento neste municipio. Estes traballos céntranse no deseño das actuacións para a protección fronte ao desbordamento, coa demolición do muro existente nesa marxe do río, inmediatamente augas arriba da estrada N-550, e a súa substitución por un muro sobre o que se aplicarán técnicas de bioenxeñaría.

A estas intervencións súmase a mellora do espazo fluvial do río Valga entre a liña do ferrocarril e a rúa Devesa, para o que nos vindeiros días se licitará a redacción do proxecto.

Plan de xestión específico da área de risco potencial significativo de inundación

Augas de Galicia redacta e revisa cada seis anos a avaliación preliminar do risco de inundacións da demarcación hidrográfica Galicia-Costa. Desde o 1 de maio e ata o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vindeiro 30 de xullo está aberto á participación pública o novo Plan de xestión de risco de inundacións 2021-2027, que se agarda aprobar a finais de ano.

En paralelo, Augas de Galicia está a desenvolver os plans específicos de xestión en 9 zonas fluviais con maior risco de inundacións. Trátase das contornas do río Umia, en Caldas de Reis e Portas; Anllóns, en Carballo; Campeda, en Vimianzo; Baíña e O Groba, en Baiona; Lagares, en Vigo; Fontecova e Trasposta, en Viveiro; e o río Ulla-Sar, tanto en Valga como en Padrón, Dodro, Rianxo, Rois, Catoira e Pontecesures.

Estes plans recollen medidas e actuacións paliativas e preventivas de aplicación polas distintas administracións, Xunta e concellos, para minimizar o risco de enchentes.

O Goberno galego segue apostando pola colaboración entre as administracións e axentes implicados para estar máis preparados fronte ao risco de inundacións e acadar unha máis rápida e mellor recuperación fronte ás súas posibles consecuencias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA O IMPULSO DA MÚSICA CLÁSICA DURANTE O XACOBEO 21-22 CUN CONVENIO COA ORQUESTRA VIGO 430

- O Consello da Xunta autoriza unha colaboración coa entidade dentro dun proxecto máis amplo para impulsar este xénero musical no Ano Santo por máis de 1M€
- Súmase aos apoios xa comprometidos coa Orquestra Sinfónica de Galicia e a Orquestra de Cámara Galega, e suporá a celebración de nove concertos máis

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe un convenio de colaboración coa Orquestra Vigo 430, no marco dun proxecto máis amplo co que o Goberno autonómico está apoiando a orquestras e entidades galegas deste xénero para impulsar a música clásica durante o Xacobeo 21-22 por un importe global superior a 1M€.

A nova colaboración, que suporá un investimento de 100.000 euros, súmase ás xa comprometidas coa Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) e a Orquestra de Cámara Galega para aumentar o público potencial deste xénero e impulsar os profesionais deste campo durante o Ano Santo.

Ao abeiro deste novo apoio á Orquestra Vigo 430, realizaranse un total de nove concertos máis en diferentes localidades incluíndo varios de música clásica e danza. En concreto, contarase coas solistas Alexandra Wittingham e Eugenia Boix, así como os directores Jhoanna Sierralta, Isabel Rubio e Pavel Amilcar. O Goberno autonómico apoia deste xeito tamén os profesionais desta Orquestra, nacida en Vigo en 2005 e que conta con entre 40 e 70 músicos dependendo do repertorio; tamén unha orquestra barroca, especializada na música deste período con instrumentos similares aos da época e criterios técnicos historicamente formados; así como conxuntos de música de cámara.

Programación clásica

Os novos concertos apoiados pola Xunta súmanse ao programa de recitais en lugares de interese patrimonial, colaboracións musicais con algúns dos barítonos de maior relevancia internacional así como proxectos extraordinarios con artistas de música pop e rock ou doutros xéneros musicais en recintos ao aire libre que están previstos no marco do proxecto para impulsar a música clásica na programación do Xacobeo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta continúa así promovendo o diálogo cultural a través da música sinfónica e o Camiño de Santiago implicando a toda a poboación. Fomentaranse os valores xacobeos a través da música e consolidarase a excelencia artística da música clásica galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIA A CAPTACIÓN DE 23 INVESTIGADORES PARA O SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO A TRAVÉS DO PROGRAMA ESTATAL JUAN DE LA CIERVA

- Destina preto de 264.000 euros ao financiamento complementario destas axudas, un 42 % máis ca na última convocatoria, de xeito que non teñan que asumilo as universidades galegas como sucede noutras comunidades autónomas
- Do conxunto de beneficiarios, 11 pertencen á USC, oito á UVigo e catro á UDC

A Xunta de Galicia vai destinar 263.625 euros, un 42 % máis que na última convocatoria do ano 2019, á captación do talento de 23 investigadores, a través do programa Juan de la Cierva para contratados nas universidades de Santiago de Compostela (11 investigadores), de Vigo (oito) e da Coruña (catro). Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), a través do cal o departamento educativo da Xunta de Galicia asume o 20 % do importe total do contrato, unha parte que en outras comunidades autónomas teñen que custear as propias universidades.

En Galicia a Xunta asumiu o pagamento desta contía complementaria a partir do ano 2012, co fin de que estes contratos non supoñan ningún custo a maiores para as universidades. Deste xeito, incentívanse as universidades do SUG para que se presenten á convocatoria destes programas, sabendo que non teñen que aboar o financiamento complementario recollido na convocatoria realizada polo ministerio convocante.

O obxectivo das axudas do Programa estatal de promoción do talento Juan de la Cierva é fomentar a contratación laboral de mozos doutores por un período de dous anos, co obxecto de que afiancen as capacidades adquiridas nunha primeira etapa de formación posdoutoral. En concreto, o convenio refírese aos subprogramas estatais de incorporación e de formación.

No caso dos contratos de formación, teñen unha duración de dous anos e un importe total de 25.000 euros por ano para cada investigador; mentres que para os de incorporación a duración é a mesma pero o importe do contrato ascende a 29.000 euros ao ano por persoa.

Destas contías, a Xunta asume un montante económico de 9.000 euros para cada un dos beneficiados da modalidade de formación durante os dous anos que dura o programa e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de 15.000 euros para os da modalidade de incorporación durante os tres anos que dura o programa.

Aposta pola investigación universitaria

Este cofinanciamento enmárcase no fondo de fomento da I+D+i, dentro do Plan de financiamento universitario. Trátase dunha acción na liña da política activa da Xunta de Galicia en prol da incorporación de persoal investigador nas universidades co fin de lograr ratios similares aos países á vangarda en investigación e promove, ademais, a captación externa de talento en marcos abertos e competitivos.

Desta forma, continúaase co esforzo para incrementar o número de persoal investigador de excelencia con éxito neste tipo de convocatorias e establécense, ademais, sistemas efectivos de mobilidade no sistema de I+D+i que garantan a oferta de oportunidades a aquelas traxectorias máis sólidas e permitan procesos de desenvolvemento profesional a escala internacional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA, A BIBLIOTECA NACIONAL E ACCIÓN CULTURAL ESPAÑOLA COLABORAN NA ORGANIZACIÓN DUNHA EXPOSICIÓN CONXUNTA SOBRE O CAMIÑO DE SANTIAGO

- A mostra 'As Pegadas do Camiño' será comisariada por Darío Villanueva e poderá verse na Sala Recoletos da Biblioteca Nacional do 11 de novembro ao 6 de febreiro
- Tras a súa estada en Madrid, pezas con ata nove séculos de historia viaxarán a Galicia para ser expostas no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura
- O convenio de colaboración está dotado con preto de 400.000€, dos cales o Goberno galego achegará un máximo de 235.000 euros

A Biblioteca Nacional de España acollerá este ano a mostra *As Pegadas do Camiño* grazas á colaboración da Xunta de Galicia con esta institución e con Acción Cultural Española. Así se anunciou hoxe no Consello da Xunta, onde se aprobou o convenio de colaboración entre os tres organismos para a realización desta actividade.

A exposición, no marco da programación do Xacobeo 21-22, estará comisariada polo ex director da Real Academia España Darío Villanueva e poderá verse na Sala Recoletos da Biblioteca Nacional do 11 de novembro de 2021 ao 6 de febreiro de 2022. A continuación, tras completar a súa estada en Madrid, o proxecto expositivo viaxará ata Galicia, onde se poderá visitar no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura a partir do mes de marzo.

Trátase dunha exposición composta primordialmente de fondos manuscritos, bibliográficos, audiovisuais, cartográficos e literarios da Biblioteca Nacional de España que atende ás múltiples creacións e expresións vencelladas co Camiño de Santiago e producidas nos últimos nove séculos. O obxectivo desta exposición é destacar a riqueza histórica, cultural, patrimonial, natural e humana desta ruta de peregrinación facendo especial fincapé no fenómeno xacobeo.

As Pegadas do Camiño enmárcase no compromiso da Administración autonómica coas actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega mediante a programación de actuacións e actividades de primeiro nivel que poñan en valor o noso legado cultural e fomenten o talento e creatividade de Galicia máis alá da Comunidade galega. En concreto, o acordo entre a Xunta, a Biblioteca Nacional e Acción Cultural Española está dotado con preto de 400.000€, dos cales o Goberno galego achegará un máximo de 235.000€. Así, ao abeiro deste convenio, a Biblioteca Nacional responsabilizarase do comisariado, do deseño e de dirixir a montaxe achegando a fondos propios, a sala de exposicións, a xestión a coordinación e a organización.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A sociedade Acción Cultural, pola súa banda, asumirá os gastos derivados de montaxe e desmontaxe, mentres que a Xunta se encargará do transporte e seguro das obras, a tradución ao galego de todas as gráficas e o texto e da produción de audiovisuais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA NOUTROS 400.000 € AS AXUDAS ESPECÍFICAS AOS PROFESIONAIS VINCULADOS COAS ORQUESTRAS

- O Consello da Xunta autoriza a sinatura dun convenio coa Asociación Galega de Orquestras e a Asociación de Empresarios da Música da Verbena Galega para o desenvolvemento dun mínimo de 50 espectáculos e das probas piloto
- Supón un avance no apoio económico que estes profesionais veñen recibindo por parte do Goberno galego, a primeira administración autonómica en adxudicar axudas específicas a este ámbito no marco dun compromiso continuado co sector
- Desde que comezou a crise sanitaria, lanzáronse dúas liñas por valor de 1,5M€ ás cales se suman as axudas do Plan de rescate da Xunta para autónomos e pemes que, no caso das actividades compatibles coas orquestras, ascendeu a máis de 2,8M€

A Xunta incrementará en 400.000 euros os apoios aos profesionais vinculados co sector das orquestras. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración coas dúas asociacións representativas do sector de verbena en Galicia, que suporá unha inxección extra para contribuír á recuperación da súa actividade e ao mantemento do emprego. Desde que comezou a crise sanitaria, o Goberno autonómico lanzou dúas liñas de axuda específicas para estes traballadores e profesionais por 1,5 millóns de euros, aos cales hai que engadirlle os apoios para actividades compatibles coas orquestras outorgadas ao abeiro do Plan de rescate para autónomos e pemes por máis de 2,8M€.

Segundo se recolle no acordo de colaboración coa Asociación Galega de Orquestras e a Asociación de Empresarios da Música da Verbena, este novo investimento de 400.000 euros destinarase a cofinanciar o desenvolvemento dun mínimo de 50 espectáculos musicais en verbenas ou festas populares no marco da programación do Xacobeo 21-22, así como das probas piloto para aplicar os protocolos de saúde e seguridade.

Axudas de 45.000 euros por orquestra

As beneficiarias desta medida serán todas as orquestras con sede en Galicia asociadas ás devanditas entidades, sempre que contén un elenco artístico mínimo de cinco músicos. A Xunta asumirá ata un 40 % do custo de cada espectáculo contratado desde o pasado 15 de xuño ao abeiro desta programación, así como todos os gastos correspondentes ás probas piloto para avaliar a aplicación a estas actuacións dos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

protocolos vixentes para espectáculos musicais ao aire libre. O importe máximo da axuda será de 4500 euros por concerto e de 45.000 por cada orquestra participante.

A meirande parte da programación inserida neste convenio terá lugar ao longo deste verán, período durante o que a Xunta de Galicia está a impulsar máis de 3000 actividades por toda a xeografía galega cun investimento superior aos 9M€ ao abeiro do Plan de Reactivación cultural, que se suman, pola súa vez, á programación especial do Xacobeo 21-22.

O convenio autorizado hoxe supón un novo avance no apoio económico que o sector das orquestras vén recibindo por parte do Goberno galego a través de varios departamentos, en atención á súa importancia tanto social como económica. De feito, a Xunta foi a primeira administración autonómica en adxudicar axudas específicas a este ámbito, no marco dun compromiso continuado, que se plasmou en diversas xuntanzas e novas liñas de colaboración e que continúa na actualidade.

Entre estas vías de apoio destacan a convocatoria de axudas a orquestras publicada en outubro do ano pasado por Turismo de Galicia, a través da que se adxudicaron 1.079.000€ a medio cento de orquestras. Súmanse as axudas da Consellería de Emprego e Igualdade dirixida a traballadores estacionais de orquestras e espectáculos afectados polos peches da COVID-19, dotadas con 500.000 €, así como os beneficiarios do I e II Plan de rescate para autónomos e pemes afectados pola crise da COVID-19, que no sector dos profesionais de actividades compatibles coas orquestras supuxo unha inxección de 2,8M€.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E DEFENSA ACORDAN AMPLIAR ESTE VERÁN A PRESENZA DISUASORIA DO EXÉRCITO NOS MONTES GALEGOS FRONTE AOS INCENDIOS CON TRES PATRULLAS MÁIS

- O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre o Ministerio de Defensa e Medio Rural para incorporar 30 patrullas terrestres e dous equipos de mantemento móbil ao dispositivo de loita contra os incendios forestais
- Por medio deste acordo procúrase reforzar a vixilancia e identificación dos incendiarios e búscase tamén que a propia presenza de medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delituosas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Defensa para reforzar a vixilancia nos montes galegos, co obxectivo de disuadir e reducir a actividade incendiaria mediante a incorporación de 30 patrullas terrestres e dous equipos de mantemento móbil do Exército. En total, nesta campaña serán tres patrullas máis as que se incorporen a estas tarefas, mantendo o orzamento previsto en relación coa campaña anterior.

Por medio deste acordo, que se asina todos os anos nestas datas, procúrase reforzar a vixilancia e identificación dos potenciais axentes causantes dos incendios e búscase tamén que a propia presenza de medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delituosas.

Así, Medio Rural financiará o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración. O orzamento previsto para o recoñecemento, despregamento, actividade operativa e remudas da unidade das Forzas Armadas é de case 470.000 euros, unha cantidade idéntica á do pasado ano.

Pola súa banda, o Ministerio de Defensa levará a cabo os despregamentos operativos de patrullas terrestres –neste caso un total de 30– dentro da campaña de alto risco de incendios forestais. A incorporación de medios e persoal poderá ser superior se aumenta o esforzo por situacións de risco alto ou moi alto, chegando ás 75 patrullas e 2 helicópteros de vixilancia se o nivel de risco é moi alto.

O persoal do Exército, coñecido co nome de Operación Centinela Galego, sumarase ao dispositivo de loita contra incendios, baixo o mando único da Xunta, que na tempada de alto risco acada os 7.000 efectivos despregados nos montes galegos. Deste xeito,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

procúrase tamén a mellora da seguridade das persoas e os bens e, en xeral, a protección e defensa da riqueza forestal da nosa comunidade autónoma fronte a ameaza dos lumes.

A XUNTA XA PUXO Á DISPOSICIÓN DO TURISMO GALEGO LIÑAS DE AXUDA POR VALOR DE PRETO DE 30 MILLÓNS DE EUROS

- Ata finais de ano destinaranse 28,5 millóns de euros en liñas de axudas e convenios destinados á reactivación do sector turístico e a servizos vencellados coas necesidades de celebración do Xacobeo
- Posto á disposición máis da metade do investimento, nos vindeiros meses abranse novas liñas de axuda por importe de preto de 12 millóns de euros para a mellora da comercialización, dixitalización e financiación de medidas fronte á COVID-19

O Consello da Xunta deu conta hoxe dun primeiro balance de actuacións que a Vicepresidencia Primeira, a través da Axencia de Turismo de Galicia, está a despregar no marco do Plan de choque dirixido á reactivación do sector turístico galego e para a promoción do Xacobeo. Baixo estas dúas liñas de actuación, Turismo de Galicia xa puxo á disposición en materia de fomento da promoción e ordenación turística un importe total de 28,5 millóns de euros ata o remate deste ano, un importe que seguirá medrando a medida en que se vaian despregando novas actuacións.

Preto do 90 % deste investimento, 25,5 millóns de euros, traducíuse na posta en marcha dunha ducia de liñas de axuda dirixidas á dotación de medidas fronte á COVID, algunhas delas xurdidas en plena pandemia, como a Tarxeta Turística ou o programa Elixé Galicia, ás cales se engadiron outras orientadas á dixitalización do sector, mellora das infraestruturas turísticas, fomento da calidade ou á reactivación de subsectores especialmente afectados pola crise do coronavirus, como o sector MICE ou o das axencias de viaxes.

O resto, case 3 millóns de euros, estanse a executar a través de convenios que permitan levar adiante actuacións en infraestruturas turísticas singulares, para a execución de programas de reactivación e mantemento do tecido turístico asociativo así como para a posta en marcha de servizos vinculados coa celebración deste Ano Santo.

Ademais, Turismo de Galicia volve impulsar liñas de mellora e embelecemento do Camiño de Santiago, axudas a concellos turísticos e convenios para garantir a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

supervivencia do tecido asociativo arredor do Camiño de Santiago, así como para a posta en marcha de servizos precisos con motivo da celebración do Xacobeo que está chamado a ser o revulsivo económico de Galicia e do sector turístico tan castigado pola pandemia.

Novas liñas de axuda

Chegados ao ecuador do ano, máis da metade dos 28,5 millóns de euros xa se puxo á disposición dos beneficiarios, achegando inxección económica aos diferentes actores implicados no sector.

Nos vindeiros meses sairán outras catro liñas de axuda, por valor de algo máis de 12 millóns de euros, cos que completarán as liñas de axuda ao sector orientadas a mellorar as infraestruturas, a comercialización, a dixitalización e a loita contra os efectos da COVID en que está inmersa o sector.

Capilaridade das axudas no sector turístico

Do total de 25,5 millóns de euros en subvencións, o empresariado turístico ten consignadas a maior porcentaxe de axudas, por valor de 16,8 millóns de euros, mentres que resto se distribúe entre os concellos, que obteñen subvencións en materia turística por valor de 4,5 millóns de euros, os particulares para actuacións no Camiño de Santiago (4M€) e o tecido asociativo do Camiño (150.000€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 38M€ PARA MELLORAR A CONSERVACIÓN DOS CONXUNTOS CATEDRALICIOS ATA 2027

- O Consello da Xunta aproba o Plan de catedrais de Galicia 2021-2027 que inclúe máis de 60 actuacións de restauración co horizonte do vindeiro Xacobeo
- Actuarase nas basílicas de Lugo, Mondoñedo, Ourense e Tui seguindo os bos resultados acadados na Catedral de Santiago
- Recolle tamén actuacións na antiga catedral de San Martiño de Mondoñedo de Foz e nas concatedrais de San Xiao de Ferrol e de Santa María de Vigo

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de catedrais de Galicia 2021-2027, a folia de ruta que sentará as bases das futuras actuacións de restauración e conservación nos principais conxuntos catedralicios da Comunidade co horizonte do Xacobeo 2027. Trátase dun plan de actuación dotado con 38M€ e que, seguindo os bos resultados acadados na Catedral de Santiago, inclúe intervencións nas basílicas de Lugo, Mondoñedo, Ourense e Tui así como na antiga catedral de San Martiño de Mondoñedo de Foz e nas concatedrais de San Xiao de Ferrol e de Santa María de Vigo.

A través desta ferramenta, mellorarase e garantirase a conservación e futuro destes templos traballando en colaboración coas distintas dioceses e cabidos catedralicios para sistematizar e actualizar todo o coñecemento existente sobre eles e, posteriormente, actuar de xeito planificado, coordinado e ordenado na súa restauración.

Deste xeito, tomando como exemplo o bo traballo e a suma de esforzos conxuntos feita na Catedral de Santiago de Compostela, a folia de ruta abordada hoxe polo Consello permitirá intervir dunha forma homoxénea, integral sobre todo este patrimonio vencellado ao Camiño de Santiago que constitúe unha peza senlleira e única do patrimonio cultural de Galicia para que chegue á celebración do Ano Santo 2027 nas mellores condicións.

Así, tendo en conta os plans directores de cada un dos conxuntos, deseñouse unha lista de máis de 60 actuacións que se poderá actualizar anualmente con base na consecución

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dos obxectivos do plan, da posibilidade de ter detectado novas prioridades ou das novas oportunidades de fondos que se poidan obter.

Estes traballos inclúen tamén as intervencións pendentes de rematar na Catedral de Santiago e que se están levando a cabo na actualidade. Así mesmo, súmanse aos postos en marcha nos últimos anos e que permitiron reinaugurar este templo 800 anos despois da súa construción, iniciando o Xacobeo 2021 coa meirande parte das obras xa finalizadas.

Incremento do 19 % nos orzamentos

As actuacións deseñadas ao abeiro do Plan de catedrais de Galicia 2021-2027 encádranse no firme compromiso que a Xunta de Galicia mantén nos últimos anos coa conservación do patrimonio cultural e artístico da Comunidade e que se reforzou nas contas deste ano cun incremento do 19 % no orzamento destinado a este fin. Neste caso concreto, as actuacións permitirán poñer en valor estes inmobles para garantir a súa conservación e que continúen funcionando como motores para o desenvolvemento cultural, social e económico das cidades, bispados e os territorios a que pertencen.

Así, a posta en marcha do Plan de catedrais de Galicia favorecerá que os templos manteñan a súa función propia e que continúen funcionando como unha testemuña da tradición e do inxente patrimonio moble, artístico e inmaterial que atesouran xunto cos seus museos, arquivos e pazos episcopais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA XA TEN CONTRATADOS A PRETO DO 80% DOS NOVOS PROFESIONAIS PREVISTOS PARA OS DOUS PRIMEIROS ANOS DE VIXENCIA DO PLAN DE SAÚDE MENTAL

- Trátase de 95 profesionais, dos cales 31 son psicólogos, 31 psiquiatras, 12, traballadores sociais, 17 profesionais de enfermaría de saúde mental, 2 auxiliares de enfermaría, e 2 terapeutas ocupacionais

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2021.– O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, informou, na reunión semanal do Consello da Xunta, do estado actual da contratación de recursos humanos para desenvolver as liñas estratéxicas priorizadas para os anos 2020 e 2021 no Plan de saúde mental de Galicia poscovid 2020-2024. O dito plan, que conta cun orzamento de 83 millóns de euros, establece 98 proxectos dirixidos á prevención da aparición de problemas de saúde mental na poboación galega e a establecer melloras na asistencia sociosanitaria ás persoas que padecen un trastorno mental.

Tal e como se recolle no informe, a Xunta de Galicia xa ten incorporados a 95 dos 120 novos profesionais previstos nos dous primeiros anos do plan, o que representa preto do 80 %. Destes 95 profesionais, 31 son psicólogos, 31 psiquiatras, 12 traballadores sociais, 17 son persoal de enfermaría especialista en saúde mental, 2 técnicos auxiliares de enfermaría e 2 terapeutas ocupacionais.

Ademais, o orzamento transferido ás áreas sanitarias no presente ano destinado ao desenvolvemento do Plan de saúde mental sitúase ao redor dos 425.000 euros, para equipamento informático, maquinaria e mobiliario, transporte sanitario para hospitalización a domicilio psiquiátrica etc.

Cómpre sinalar que, malia o incremento da demanda asistencial, estase a observar unha diminución nos tempos de espera media para as primeiras consultas dos servizos de psiquiatría.

Accións realizadas

O Plan de saúde mental foi aprobado tras levar a cabo un proceso de consulta aos diferentes profesionais, incluíndo a realización dunha enquisa en que participaron psicólogos clínicos, psiquiatras, persoal de enfermaría e outros profesionais do Sergas,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

así como as ONG que traballan no sector. As principais necesidades que se identificaron foron a necesidade de aumento de recursos humanos e dispositivos e dotar de ferramentas no primeiro nivel asistencial.

Entre as principais accións realizadas no marco do Plan destaca a posta en marcha dun programa de enlace entre atención primaria e saúde mental; a creación de novas unidades de saúde mental de adultos e de infancia como as recentemente inauguradas en Tui, Ordes, Oleiros, Vigo e A Coruña; o reforzo de programas hospitalarios de enlace a través dos que se presta asistencia ás persoas que derivadas de patoloxías físicas, incluída a COVID, teñen problemas de saúde mental; así como o desenvolvemento dun plan específico para o apoio psicosocial dos profesionais do Sergas.

Obxectivos do plan

Para levar a cabo as melloras propostas no Plan de saúde mental de Galicia, a Xunta considera necesario unha maior dotación de recursos humanos e un investimento en equipamento e material.

Na primeira das epígrafes, a da dotación de recursos humanos, o Goberno galego está a incrementar o persoal vinculado aos dispositivos de saúde mental de cara a establecer un plan de atención aos problemas de saúde mental derivados da pandemia. O Executivo galego tamén está a mellorar a atención á saúde mental nos nosos maiores; e no aumento do número de unidades de saúde mental. Tamén se consideran necesarios novos programas sociosanitarios para a atención a residencias de maiores e discapacidade, e o incremento do número de profesionais para levar a cabo programas de atención domiciliaria.

A segunda das epígrafes incide no investimento en equipamento e material para a adecuación estrutural dos dispositivos asistenciais e a humanización dos espazos, así como na adaptación dos procedementos e protocolos asistenciais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE CINCO MILLÓNS DE EUROS Á PLANTACIÓN DE CONIFERAS E FRONDOSAS EN MÁIS DE 2.500 HA PARA CONSOLIDAR A DIVERSIDADE E MULTIFUNCIONALIDADE DOS MONTES GALEGOS

- O Consello da Xunta coñeceu o informe da Consellería do Medio Rural que recolle as axudas acollidas á convocatoria de 2021 para a creación de superficies forestais, que benefician a máis de 170 solicitantes
- O investimento supón consolidar o compromiso do Goberno galego pola ampliación e diversificación da superficie forestal, recollido no Plan forestal de Galicia 2021-2040 e reafirmado coa suspensión temporal de novas plantacións de eucalipto onde antes non os había
- Nesa liña, cómpre destacar que este ano se aprobarán achegas para plantar coníferas e frondosas nun total de 128,11 ha ocupadas previamente por eucalipto ou acacia para proceder á eliminación destas especies, valor que supón multiplicar por catro a cifra ao respecto da convocatoria anterior
- Con esta orde de axudas, a Xunta asegura unha necesaria continuidade na actividade das brigadas de traballos forestais, reforzando o compromiso en políticas de emprego activo no sector forestal galego
- A Consellería do Medio Rural está a tramitar actualmente as solicitudes correspondentes a outras dúas ordes de achegas -para impulsar a boa gobernanza das comunidades de montes veciñais e para accións silvícolas-, cun orzamento combinado que supera os 19,7 millóns de euros

O Consello da Xunta coñeceu o informe da Consellería do Medio Rural que recolle as axudas acollidas á convocatoria de 2021 para a creación de superficies forestais, por un importe global próximo aos 4,8 millóns de euros que suporá a forestación de máis de 2.500 hectáreas con coníferas e frondosas. Reafírmase, así, o compromiso da Xunta pola ampliación e diversificación da superficie forestal arborada recollido no Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica" e reafirmado coa suspensión temporal de novas plantacións de eucalipto en terreos onde antes non os había, recollida na Lei de recuperación da terra agraria.

Nesa liña, cómpre destacar que este ano se aprobarán achegas para plantar frondosas e coníferas nun total de 128,11 hectáreas ocupadas previamente por eucalipto, acacia negra, mimosa ou falsa acacia, para así proceder á eliminación destas especies. Este valor supón multiplicar por catro a cifra ao respecto da convocatoria anterior.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Canto ao groso das solicitudes, o número total de expedientes aprobados suman 173, que supoñen a forestación concreta dun total de 2.527 hectáreas. A provincia de Ourense aglutina non só o maior número de peticións senón tamén o maior importe concedido e a maior superficie, con 64 expedientes aos que se corresponden case 1.311 ha e unha contía de axuda superior aos 2,4 millóns de euros. Séguea a provincia de Pontevedra, con 41 expedientes, case 540 ha e preto de 1,1 millóns de euros en achegas; Lugo con 34 expedientes para plantar en máis de 402 hectáreas e preto de 703.000 euros en subvencións e, por último, A Coruña, onde se rexistraron unha decena de expedientes para máis de 105 ha e un importe superior aos 205.000 euros.

Cabe apuntar que as axudas están bianualizadas e aproximadamente tres cuartas partes (74 %) da contía concedida corresponden ao primeiro semestre do ano 2022, mentres o restante 26 % se refire á anualidade de 2021. Deste xeito, a Consellería do Medio Rural adiantase e asegura unha necesaria continuidade na actividade das brigadas de traballos forestais, reforzando o compromiso en políticas de emprego activo no sector forestal galego.

En relación co tipo de beneficiarios, das 173 solicitudes aprobadas, máis do 86 % (en concreto, 149) corresponden a Comunidades de montes veciñais en man común (Cmvmc). O resto proceden de agrupacións, cun total de 10 (preto do 6 %) e de particulares de xeito individual, cun total de 14 (máis do 8 %).

Sobre as actuacións subvencionables, cabe lembrar que se poden financiar os gastos de plantación forestal e da área de defensa contra incendios forestais, que inclúen os gastos necesarios para o tratamento da vexetación preexistente, a preparación previa do terreo, a adquisición de planta, así como os de plantación propiamente dita e a área de defensa contra incendios forestais. Tamén as infraestruturas de acompañamento e obras complementarias.

Cabe engadir que, á hora de distribuír o orzamento, deuse prioridade ás actuacións nas superficies afectadas polo nematodo do piñeiro e ás subscritas por sociedades de fomento forestal (Sofor). Nese senso, cómpre apuntar que, tras a entrada en vigor da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, esas sociedades poden solicitar o recoñecemento como agrupacións forestais de xestión conxunta, cos dereitos e vantaxes que implica esta figura. Estas agrupacións voluntarias terán por finalidade a xestión conxunta e sustentable dos terreos forestais co fin de recuperalos e poñelos en valor. Así, a lei prevé incentivos fiscais e financeiros para os propietarios interesados nesta xestión conxunta que faciliten a posta en marcha de proxectos rendibles nas terras a recuperar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outras convocatorias de axudas

A Consellería do Medio Rural está a tramitar as solicitudes correspondentes a outras dúas ordes de axudas, cun orzamento combinado que supera os 19,7 millóns de euros e cuxa aprobación se producirá no terceiro trimestre deste ano.

En primeiro lugar, as axudas para o impulso da boa gobernanza nas Comunidades de montes veciñais en man común, cun orzamento superior aos 6,7 millóns de euros cofinanciado en parte polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Ao abeiro desta orde que se convocou este ano por vez primeira recibíronse 2.080 solicitudes de 1.145 comunidades de montes veciñais.

Así mesmo, estanse a tramitar as axudas para accións silvícolas cun orzamento de máis de 13 millóns de euros, cofinanciadas tamén con fondos Feader. Neste caso, recibíronse máis de 640 solicitudes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS DE GALICIA PODEN ACCEDER ESTE ANO A AXUDAS PARA OS SEUS PLANS DE PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN QUE CUADRIPLICAN AS DE ANOS ANTERIORES

- A convocatoria de 2021 destas achegas, que saíu publicada o pasado martes no *Diario Oficial de Galicia*, eleva o apoio financeiro anual ata un máximo do 12 % do valor medio anual da produción destas entidades nos tres anos naturais previos á aprobación dos seus plans, fronte ao límite do 3 % que había establecido ata 2020
- Esta mellora é froito dos cambios introducidos no Fondo Europeo Marítimo e de Pesca para adaptarse ás dificultades derivadas da alerta sanitaria polo coronavirus e co obxectivo de impulsar o sector marítimo-pesqueiro
- A Xunta destina este ano 2,9 millóns de euros a subvencionar os investimentos realizados polas OPP na preparación e execución dos plans de produción e comercialización aprobados para o exercicio 2020
- O Executivo galego leva investidos desde 2016 máis de 6,2 millóns de euros en apoiar este tipo de actuacións, que contribúen a dinamizar as zonas costeiras e a impulsar o conxunto da economía de Galicia

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas para o ano 2021 coas que apoiar as organizacións de produtores pesqueiros (OPP) do sector dos produtos da pesca e da acuicultura na preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización aprobados e executados durante o pasado exercicio. Á convocatoria deste ano a Xunta destina un orzamento total de 2,9 millóns de euros.

Destas achegas, que están cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, poderán beneficiarse as organizacións de produtores pesqueiros con ámbito de actuación en Galicia, recoñecidas pola comunidade e inscritas no Rexistro de Organizacións de Produtores Pesqueiros recollido na normativa que regula estas entidades.

A orde deste ano, que saíu publicada no *Diario Oficial de Galicia (DOG)* do pasado martes, inclúe como novidade que a axuda financeira anual aos plans de produción e comercialización das OPP pode ser de ata o 12 % do valor medio anual da produción da OPP durante os tres anos naturais anteriores á resolución da aprobación do plan. Trátase dunha porcentaxe que cuadriplica a vixente en anos anteriores froito dos cambios introducidos no FEMP para adaptarse ás dificultades derivadas da alerta

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sanitaria polo coronavirus e co obxectivo de impulsar a actividade do sector marítimo-pesqueiro.

Esta liña de apoio aos plans de produción e comercialización das OPP ten como obxecto subvencionar os investimentos realizados durante o período de execución do plan así como os derivados da súa preparación. Entre os gastos susceptibles de contar con achegas inclúense os de persoal, material, equipamentos ou desprazamentos vencellados co desenvolvemento do plan.

Os interesados en solicitar as axudas poden consultar os requisitos e a documentación necesarios na orde que publicou o *DOG* o pasado martes. Para esta convocatoria o prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado desde onte. A presentación das solicitudes realizarase por medios electrónicos a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

As organizacións de produtores

O marco normativo europeo actual reforza as actividades das organizacións profesionais da pesca e da acuicultura e facilita a axuda financeira necesaria para que poidan desempeñar unha función máis importante na xestión da pesca, exercendo as súas actividades pesqueiras e da acuicultura de forma sustentable e mellorando a comercialización dos produtos.

Os seus plans de produción e comercialización inclúen, entre outros aspectos, o programa de produción para as especies capturadas, a estratexia para adaptar a cantidade, calidade e presentación da oferta ás exixencias do mercado e medidas preventivas especiais de adaptación da oferta para as especies que presentan dificultades de comercialización durante o ano.

As actuacións previstas nos plans de produción e comercialización pretenden impulsar a actividade do sector e o seu desenvolvemento, o que contribúe a xerar emprego e riqueza no ámbito de actuación das organizacións de produtores pesqueiros e redonda en beneficio do conxunto da economía galega. Desde o ano 2016 a Xunta leva investidos máis de 6,2 millóns de euros en apoiar a preparación e execución dos plans de produción e comercialización das OPP de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DE GALICIA INTENSIFICAN A SÚA COLABORACIÓN PARA FACER FRONTE A RETOS COMO A REMUDA XERACIONAL

- A Consellería do Mar aprobou catro solicitudes no marco da convocatoria de axudas para proxectos de cooperación entre os GALP que contan cun apoio de máis de 350.000 e se desenvolverán entre este ano e o próximo
- Estas iniciativas súmanse ás 14 aprobadas neste eido ata 2020 por importe de máis de 1,3 millóns de euros cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca
- O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a resolución das achegas deste ano que inclúe, entre outras, accións para promover a incorporación da xente nova ao sector pesqueiro, impulsar o turismo nas zonas costeiras enalzando o patrimonio marítimo-pesqueiro local así como poñer en valor e reforzar o papel dos propios GALP

A Consellería do Mar aprobou este ano axudas por valor de máis de 350.000 euros para catro proxectos de cooperación dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) que buscan dinamizar as zonas costeiras de Galicia e afrontar algúns dos seus principais retos como é a remuda xeracional. Con estas iniciativas a comunidade intensifica a colaboración entre os GALP, que desde 2016 permitiu aprobar 14 proxectos por un importe total de máis de 1,3 millóns de euros cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

Estas cifras aparecen recollidas nun informe que analizou hoxe o Consello da Xunta sobre a resolución da convocatoria de 2021 destas achegas a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos GALP coas que o Executivo galego promove as sinerxías entre estas entidades do sector. Este intercambio de ideas e de coñecementos contribúe a optimizar o deseño das súas estratexias de desenvolvemento local participativo no litoral de Galicia.

Os catro proxectos aprobados na convocatoria de 2021 destas axudas son *Remuda xeracional II*, *Bitácoras do mar*, *Rimartes* e *Un Mar en común* e desenvolveranse todos entre este ano e o próximo coa participación de varios grupos de acción local do sector pesqueiro.

O proxecto *Remuda xeracional II: acercamento do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola aos centros de ensino para a remuda xeracional* está promovido por seis GALP entre os que o GALP ría de Arousa actúa de coordinador. A el súmanse o GALP A Mariña-Ortegal, o GALP Golfo Ártabro Norte, o GALP Ría de Pontevedra, o GALP Ría de Vigo-A Guarda e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o GALP Golfo Ártabro Sur. Conta cunha achega de 86.000 euros e a súa actividade centrarase en dar a coñecer as posibilidades que ofrece o sector pesqueiro ao alumnado dos centros de ensino para promover a remuda xeracional.

A iniciativa *Bitácoras do Mar: repercusión do papel dos GALP nas zonas costeiras de Galicia. Un antes e un despois* conta cun apoio de preto de 88.000 euros e está impulsada por cinco GALP. A coordinación corre a cargo do GALP Golfo Ártabro Norte e participan nel tamén o GALP Seo de Fisterra Ría de Muros e Noia Costa Sostible, o GALP Ría de Arousa, o GALP Ría de Pontevedra e o GALP Golfo Ártabro Sur. Esta acción pretende poñer en valor os resultados do traballo dos GALP no reforzo da gobernanza das zonas costeiras e recoller as leccións aprendidas e as boas prácticas dado o seu impacto na economía azul.

No marco deste proxecto prevense actuacións como unha mostra itinerante para o intercambio de información das experiencias e proxectos desenvolvidos polos diferentes grupos e a definición dos principais retos dos GALP no ámbito galego de cara ao futuro período dos fondos europeos.

A terceira solicitude aceptada é *Rimartes: Riquezas do mar. Tesouros do profundo* ca que tres grupos de acción local pretenden impulsar a competitividade turística das súas zonas de influencia poñendo en valor a cultura e o patrimonio material e inmaterial mariñeiro empregando como fio condutor os naufraxios, o patrimonio cultural somerxido e a gastronomía. Nesta iniciativa, que conta cunha achega de máis de 145.000 euros, participan o GALP Seo de Fisterra Ría de Muros e Noia Costa Sostible, que actúa de coordinador, o GALP Costa da Morte e o GALP Golfo Ártabro Sur.

O último dos proxectos aprobados é *Un mar en común. A afouteza da xente do mar*, no cal participan catro GALP. O GALP Ría de Pontevedra é o coordinador da iniciativa e participan nela o GALP A Mariña-Ortegal, o GALP Golfo Ártabro Norte e o GALP Golfo Ártabro Sur. Cun apoio de algo máis de 31.000 euros, estes grupos buscan reforzar a participación das entidades asociativas do litoral, especialmente as do sector pesqueiro, nos propios GALP e mellorar tanto a súa visibilidade como a súa estrutura.

Estes novos proxectos permiten a Galicia avanzar nun modelo de cooperación e colaboración entre GALP que xa foi recoñecido como exemplo de boas prácticas pola Rede Europea de Zonas de Pesca Farnet, constituída por grupos de acción local, autoridades de xestión, cidadáns e expertos de toda a Unión Europea.

Os GALP

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) dan continuidade ao traballo desenvolvido polos antigos grupos de acción costeira (GAC) e son asociacións sen ánimo de lucro colaboradoras da Consellería do Mar como axentes de desenvolvemento na aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo da zona pesqueira e na xestión e control das axudas que se tramitan para o desenvolvemento desa estratexia.

A actividade dos oito grupos que hai en Galicia dentro do programa operativo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca contribúe a mellorar a transformación, comercialización e posta en valor das producións pesqueiras, ao desenvolvemento dun sector turístico sustentable, á creación de empresas e á xeración de emprego e á diversificación do sector a través de iniciativas complementarias da actividade pesqueira como o turismo mariñeiro. Tamén contribúe á conservación e valorización do patrimonio natural e cultural marítimo-pesqueiro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

